

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



**Materia:**

**RELIXIÓN E MORAL CATÓLICAS**

**ESO**

**BACHARELATO**

**Membros do Departamento:**

***M<sup>a</sup> NATIVIDAD GONZÁLEZ ALONSO***

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>1 ESO</b>	
O Espírito Santo edifica continuamente a Igrexa.	Argumenta a orixe do mundo e da realidade como froito do designio amoroso de Deus.
<b>2 ESO</b>	
As notas da Igrexa.	Toma conciencia e aprecia a acción do Espírito para o crecemento da persoa.
<b>3 ESO</b>	
A experiencia da fe xera unha cultura.	Demostra mediante exemplos seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ó longo da historia.
<b>4 ESO</b>	
A misión do cristián no mundo: edificar a civilización do amor.	Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.
<b>1 BAC</b>	
Significado do termo dimensións da cultura.	Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, na teoloxía, na ciencia e na técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.
<b>2 BAC</b>	
A acción evangelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos.	Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer un mundo máis humano.
A expresión da fe xera beleza a través da arte.	Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer a ese artistas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Dado que os procedementos tidos en conta no ensino presencial non se poden levar a cabo no ensino a distancia, avaliarase a presentación e corrección dos traballos presentados por medios telemáticos.
	<b>Instrumentos:</b> Serán os traballos presentados polos alumnos de xeito telemático por correo electrónico.
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> Dado que cada avaliación ten que ser superada de xeito progresivo, para a cualificación final teranse en conta as calificacións obtidas nas dúas primeiras avaliacións e calificarase o traballo da terceira avaliación sumando un punto á nota final. Cuantitativamente o traballo realizado na terceira avaliación podería supoñer un incremento da nota nun 10%. As cualificacións obtidas na primeira e segunda avaliación suporán o 90% da cualificación total a que se lle sumará un 10% que corresponderá o traballo realizado polo alumno no terceiro trimestre. No caso de que algún alumno non puidera ter entregado a tarefa proposta para o último trimestre, cualificarase atendendo as cualificacións obtidas nas dúas primeiras avaliacións, así a estas corresponderá o 100% da nota total.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	No caso excepcional de que algún alumno/a tivese que ser avaliado na convocatoria extraordinaria, na ESO a proba consistiría na entrega dun sinxelo traballo elaborado polo alumno/a. No BAC a proba consistiría na realización dun comentario de texto. Tanto na ESO coma no BAC pode realizarse a proba de xeito presencial ou telemático según se presenten as circunstancias.

<b>Avaliación de materia pendentas</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> Adecuación do traballo presentado polo alumno con respecto as propostas feitas e publicadas na páxina web do centro para cada nivel educativo e para cada curso.
	<b>Criterios de cualificación:</b> O traballo presentado polo alumno/a representará o 100% da nota total.
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Dada a excepcionalidade da situación substituirase a proba escrita pola entrega dun sinxelo traballo proposto para a ocasión. A presentación do mesmo pode ser de xeito telemático, por correo postal á dirección do IES LEIRAS PULPEIRO ou de xeito presencial se fose posible.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Dado que a práctica totalidade dos alumnos (a excepción é un alumno con TEA o que se lle fixo unha Adaptación Curricular) teñen superadas as avaliacións anteriores con calificacións positivas, decídese ampliar os contidos nesta avaliación. A selección representa un 10% do total dos propostos para a terceira avaliación no Proxecto Educativo para o curso 2019/2020.</p> <p><b>1 ESO:</b> Debuxo persoal e orixinal con comentario deductivo.</p> <p><b>2 ESO:</b> Traballo creativo sobre tres temas a elixir e redacción que xustifique a elección.</p> <p><b>3 ESO:</b> Crear cuestionario sobre un tema dado.</p> <p><b>4 ESO:</b> Definicións e investigación sobre un tema dado.</p> <p><b>1 BAC:</b> Facer un informe a partir da consulta de distintas fontes sobre un tema proposto.</p> <p><b>2 BAC:</b> Escoller entre dúas propostas, redactar un informe sobre un tema dado ou facer un traballo creativo sobre unha investigación proposta.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Tense en conta que nestas circunstancias desenvolver as competencias de <i>aprender a aprender</i> e de <i>autonomía e iniciativa persoal</i> son moi importantes; as actividades propostas van dirixidas a potenciar estas competencias.</p> <p>O alumnado que ten conectividade pode presentalas por correo electrónico e o que carece de conectividade pode envialas por correo postal ó centro educativo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os <b>recursos</b> primordiais serán a creatividade e dispoñibilidade do alumno/a, que terá que pensar, relacionar, investigar, recordar, etc. ademais de consultar, para logo poder crear e redactar as actividades propostas.</p> <p>Os <b>materiais</b> a utilizar serán variados: libros de texto, a <u>Biblia</u>, <u>Youcat</u>, documentais, enciclopedias, xornais e páxinas web conocidas polos alumnos e que xa foron utilizadas na aula nas avaliacións anteriores.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Publicacións na páxina web do centro en Novas do Departamento e por correo electrónico en <a href="mailto:natileiras2@gmail.com">natileiras2@gmail.com</a> e si fose preciso por correo postal.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Publicación da adaptación da Programación Didáctica na páxina web do IES LEIRAS PULPEIRO e tamén no Departamento de Relixión Católica estará a disposición de quen o solicite.</p>